

Trachemys scripta (Thunberg, 1792)

Lugar de procedencia

Nativa de México e EEUU.

Habitat en área de introdución

Carácter xeralista en canto ao tipo de habitats que pode ocupar, pois describiuse a súa presenza en todo tipo de masas de auga doce, incluíndo ríos, embalses, lagoas, charcas ou estanques urbanos

Normativa Nacional: Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras



Galápagos de Florida, tortuga de orejas rojas



Sapoconcho da Florida



Apoarmatu

Reino: Animalia

Filo: Chordata

Clase: Sauropsida

Orden: Testudines

Familia: Emydidae

Género: *Trachemys*

Bioloxía

Presenza en masas de auga próximas ou incluídas en núcleos urbanos, e/ou que reciben asiduamente visitantes, polo que a súa presenza está claramente relacionada coa vía de introdución da especie, a través da liberación de exemplares en lugares públicos. Compete moi efectivamente coas galápagos autóctonas ibéricas xa que: Alcanza unha talla superior, produce unha maior descendencia, ten unha madurez sexual máis lonxeva e unha dieta máis variada, aliméntanse de plantas e animais, depredando dende invertebrados a todo tipo de pequenos vertebrados. Pode vivir en condicións naturais que outras galápagos non toleran, como a contaminación e a presenza humana.

Campus de Vigo

Avistamentos na lagoa próxima a Facultade de Enxeñaría de Telecomunicacións.

Introdución

Especie introducida como mascota na segunda metade do século XX. A gran expansión en España débese á continua liberación de individuos. En EEUU criábase de forma masiva sendo o principal importador en España.

